

Barroco

Compositores

Carla Chenlo Piñeiro

Jean Baptiste Lully (1632-1687).



Nace en Florencia en 1632 e aos once anos trasládase a Francia. É compositor, danzarín e violinista. Conquistou o poder absoluto en materia musical na Corte de Lois XIV; alí forma parte do grupo “Violíns do rei”. Tiña gran autoridade e asumiu a dirección da Academia Real, substituíu o termo “comediaballet” por “óperaballet”. A estas obras chamáballes “traxedias líricas”. Compuxo abundantes número de ballets de corte ata que empeza a compoñer ópera.

Dende 1673 ata 1687 compón unha ópera po ano. Lully afirma que a “abertura” é unha forma musical. Morre en 1687.

[Marche pour la cérémonie des Turcs](#)

Henry Purcell (1659-1695)



Foi o compositor inglés máis importante do segundo Barroco. Foi un brillante compositor de música instrumental, pero tiveron máis importancia as súas obras vocais. Tamén compuxo música profana, como as súas obras teatrais. En Inglaterra o común era que nestas pezas alternasen as partes faladas coas cantadas. En Inglaterra era común que alternasen as partes faladas e cantadas. Purcell escribiu cinco “semióperas” (obras teatrais con extensas seccións instrumentais e vocais) e unha única ópera “Dido e Eneas”, cantada na súa totalidade. Consta de prólogo e tres actos; a música de Purcell caracterízase polos seguintes trazos de estilo:

- Uso da disonancia e do cromatismo como recursos expresivos.
- Uso do “stilo concertato”, sobre todo na contraposición dos coros.
- Procura da declamación do texto.
- Utilización dun recitativo moi expresivo, ligado máis ao arioso que ao recitativo secco italiano.

Dido & Aeneas

Georg Friedrich Haendel (1685-1759)



Nace en Alemaña no ano 1685 e morre en Londres en 1759. Dende cativo amosou un talento extraordinario para a música. Cando se translada a Hamburgo compón moitas sonatas e varias óperas. A música das primeiras óperas escritas en Hamburgo por Haendel perdeuse, aínda que os testemuños falan do éxito obtido con elas. En Italia compón varias óperas.

Os castrati, os decorados foron aspectos decisivos nas óperas de Haendel. Aínda que algunhas delas tiveron moito éxito, as últimas tempadas de ópera desta época remataron co fracaso da Real Academia de Música, sociedade para a que traballaba Haendel. Dende 1729, ten que competir con outra compañía “A Ópera da Nobreza”. As perdas económicas producidas polas súas empresas operísticas fixeron que abandonase este xénero e que se adicase a outro que requería menos investimentos e que se achegaba máis aos gustos do público burgués: o oratorio.

Hallelujah Chorus

Corelli (1653-1713)



Foi un violinista moi virtuoso, cultivador da música instrumental. Usa planos sonoros contrastantes e unha utilización especial da timbrica instrumental. Publicou cinco coleccións de sonatas (música de igrexa e música de cámara) e tamén unha colección de concertos grossos.

Nas súas sonatas atopamos a escrita contrapuntística.

Concerto grosso op. 6 n. 8: Allegro e Pastorale

Antonio Vivaldi



Vivaldi levou o estilo veneciano o cume da música barroca. Foi un brillante violinista e tamén foi compositor, compuxo obras vocais e instrumentais. Ten máis de 450 concertos, a maioría foron compostos para violín. Os seus concertos tiñan tres tempos : allegro- adagio-allegro. As súas obras máis destacadas son : “L´estro armónico” ,“La Stravaganza”, “A Cetra” e “Il cimento della armonia e della invenzione”, onde se atopan “As catro estacións”.

A súa obra instrumental presenta os seguintes trazos:

- Claridade e coherencia formal
- Beleza melódica
- vitalidade rítmica

Primavera

Johann Sebastian Bach



Aprende música copiando e transcribindo as composicións dos grandes mestres: Frescobaldi, Pachelbel, Vivaldi ou Corelli. Tivo numerosos fillos e algún saeu músico. Pasou case un século da súa morte para que se recoñecera a importancia da súa obra . Como a maioría da súa obra foi composta por encargo. Bach foi organista en varias cidades, por iso predomina a música para órgano nas súas composicións. En 1708 foi contratado como organista e músico de cámara en Weimar. Alí comeza a estudar música de compositores italianos e prodúcense cambios nas súas composicións.

En 1722 escribe a primeira parte de “Clave ben temperado”. Crea cinco ciclos de cantatas para a liturxia luterana, oratorios de Nadal e de Pacua.

En 1724 compuxo a “Paixón segundo San Xoán”, aínda que a máis importante foi a de “San Mateo”, revisada polo compositor para melloralala.

A súa obra ten distintos aspectos:

- II • toda a súa obra (sacra e profana) é “para gloria de Deus”.
- II • leva á perfección todos os estilos barrocos: italiano, francés e alemán.
- II • Consegue un equilibrio prodixioso na combinación da harmonía e do contrapunto.
- II • Compón en todos os xéneros do momento, agás na ópera.

Toccatà and Fugue in D minor